

ACTA Nº 03/2011

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2011.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2.- Resolucións da Alcaldía.
- 3.- Adopción de acordos sobre tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- 4.- Aprobación, se procede, de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas.
- 5.- Moción do grupo municipal do PP contra da subida do recibo da luz.
- 6.- Moción do grupo municipal do BNG en apoio á flota pesqueira galega.
- 7.- Moción do grupo municipal do PP sobre o parque de Tirán.
- 8.- Rogos e preguntas.

Asistentes:

Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero

Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González
D. Diego Manuel Riobó Martínez
Dna. María Libertad Cruz Couso
Dna. María Beatriz Riobó Rouco
D. Daniel Rodas Chapela
D. Victor Manuel Pastoriza Lino
Dna. María Teresa Suárez Riobó
D. Arturo González Pérez
D. Xosé Euloxio Santos Leites
D. José Fervenza Costas
D. Javier Abal Juncal
D. Carlos Trigo Fervenza
D. Angel Manuel González Riobó
Dna. Rosana Paredes Durán
Dna. Melina Alves Martinez

Na Casa do Concello de Moaña a 24 de febreiro do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, ca finalidade de celebrar Pleno Ordinario, anunciado para o día de hoxe. Non están presente o Concelleiro do PP, D. Abelardo Nahur Currás Vázquez.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde sinala que o Concelleiro do PP, Sr. Currás excusa súa presenza no Pleno por motivos persoais.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 02/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2011.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que o PP presentou no Pleno unha moción na que pedía instar ao Concello de Moaña a que denegase a Licencia a empresa Unión Fenosa- Gas Natural para ubicar a subestación en Trigás e que BNG e PSOE presentasen outra alternativa tanto a empresa como a os veciños. Este Voceiro xa deixou claro que en ningún caso sinalou a ninguén, nin a empresas nin a particulares para que comprase terreos na zona. O Concelleiro do PP, Sr. González, como se recolle na páxina 7ª da acta, dixo: “Víctor, non dicimos que andiveras a comprar terreos aí, pero axudaches a algún empresario a comprar terreos aí.” Este Voceiro non vai consentir que se verta sobre min ningún tipo de sospeita de favorecer a algunha empresa dende o meu posto especulando con intereses urbanísticos. Pido ao Sr. González que ou ben se retracte ou ben se ratifique na acusación de que eu sinalai terreos a ninguén. Iso non llo consinto a ninguén e menos o vou permitir a alguén que de seguido vaise levantar na aprobación do Plan Xeral. ¿Ratifica a acusación?. Nese caso, diga o nome do empresario, fágao público.

O Sr. González responde que non vai entrar no xogo de palabras do Sr. Pastoriza. Ratifico o que xa dixen.

O Sr. Pastoriza afirma que non lle vai saír gratis. Vou levar a acta deste Pleno ao Xulgado.

Non hai máis intervencións, polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta nº 02/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2011, quedando aprobada por dez a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

2º.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, pregunta pola resolución nº 76/11 na que textualmente se di: “Xa que este Concello asinou o día 19 de xaneiro de 2011 un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia para o financiamento do servizo de modernización e inclusión tecnolóxica, polo que a administración autonómica compromete unha achega do 80% do custo laboral anual do axente TIC ata un máximo de 20.466,82 euros ao ano.” Alégrame que grazas á Xunta haxa un parado menos en Moaña, mentres que grazas a ZP se está a prexudicar a toda unha xeración de xente nova.

O Sr. Alcalde responde que a persoa que se vai contratar aínda non se sabe se será de Moaña ou de Vigo. É evidente que se dependese do Sr. Fervenza sería de Moaña. A contratación para este posto estaba financiando antes nun 100 % pola Xunta de Galicia. Agora vai custar ao Concello catro mil euros. Son as grandes axudas desta Xunta para a creación de emprego.

3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS SOBRE TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde afirma que houbo algunha deficiencia no expediente que se tramitou con urxencia derivada das esixencias da Dirección Xeral de Infraestruturas e unha vez que o

equipo redactor do Plan non presentou a separata do Plan ata este martes. Aínda que a proposta foi sometido a ditame da Comisión Informativa do martes e consultado ao Secretario, para maior seguridade xurídica imos someter a ratificación a súa inclusión na orde do día e posteriormente se dará conta á Comisión Informativa.

Sometida a votación a ratificación deste punto na Orde do día queda aprobada por dez votos a favor, seis dos Concelleiros do BNG, tres dos Concelleiros do PSOE e un do Concelleiro de INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

Seguidamente, o Sr. Alcalde procede á lectura da proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE “SEPARATA PARA O CUMPRIMENTO DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE DATA DE 29 DE DECEMBRO DE 2010”.

Con data 4 de novembro de 2010, o Pleno da Corporación aprobou o anexo de enmendas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 22 de setembro de 2010 e ratificou os convenios urbanísticos, acordando remitir o documento “Refundido para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña-2010” á Secretaría Xeral de Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

O acordo cumpríntase o 16 de decembro. O 23 de decembro de 2010, unha vez recibida a documentación, a Secretaría Xeral de Urbanismo remite ao Concello escrito en que solicita se complemente cos informes técnicos que avalaron os distintos acordos, así como copia do informe da Subdirección Xeral de Estradas ou certificado de ter transcorrido o prazo para a súa recepción.

Con data 3 de xaneiro de 2011 remítese a documentación solicitada, que inclúe certificación do Secretario municipal sobre a petición de 20 de agosto de 2009 de informe da Dirección Xeral de Infraestruturas, que non chegou a ser emitido.

Con data 14 de xaneiro de 2011 recíbese no Concello un informe da Dirección Xeral de Infraestruturas, asinado o 29 de decembro de 2010, en que realiza unha serie de observacións que, de forma resumida, son as seguintes:

- a) Existe algunha pequena discrepancia entre o trazado previsto para o corredor do Morrazo no PXOM e o proxecto aprobado definitivamente por resolución de data 3 de agosto de 2010.
- b) Considérase inadecuada a banda de reserva viaria establecida para a futura variante de Moaña, polo que se solicita a súa rectificación en varios puntos, entre os que destacan a ubicación das glorietas de enlace e a corrección da conexión coa PO-313 para situala á altura de Sanchilán.
- c) Considéranse necesarias dúas actuacións non previstas para unha máis axeitada articulación do territorio:
 - A prolongación da variante de Moaña desde Sanchilán ata o Cruceiro e o corredor do Morrazo.
 - A conexión do enlace da Ameixoadá do Corredor do Morrazo coa PO-551 á altura da Carrasqueira.

O día 31 de xaneiro recíbese no Concello de Moaña escrito da Secretaria Xeral de Urbanismo –asinado o 17 de xaneiro- en que se interrompen os prazos de tramitación do PXOM de Moaña para a aprobación definitiva e se solicita a remisión do informe favorable da Dirección Xeral de Infraestruturas.

Con data 18 de xaneiro de 2011 emite informe o arquitecto redactor do PXOM, en que sinala:

- a) Que o informe da Dirección Xeral de Infraestruturas é manifestamente extemporáneo por incumprir os prazos establecidos polos artigos 85.3 da Lei 9/2002 e 15.4 da Lei 4/1994.
- b) Que o PXOM debe manter o trazado da variante de Moaña a efectos de dar cumprimento da Resolución da Dirección Xeral de Urbanismo de 8 de maio de 2008 pola que se denegaba a aprobación definitiva do Plan Xeral de Moaña, por non existir neste momento actual aprobado ningún estudo informativo ou proxecto de trazado que modifique o actual deseñado no Plan Director VIGO INTEGRÁ.
- c) Unha vez que a Dirección Xeral de Estradas probe o estudo informativo ou proxecto de trazado da variante, o Concello está obrigado a incorporalo ao PXOM no prazo de un ano.

Con data 28 de xaneiro emite o seu informe o Secretario da Corporación, que sinala basicamente que

- a) O informe da Dirección Xeral de Infraestruturas foi emitido fóra do prazo previsto pola lei.
- b) As rectificacións apuntadas no informe da Dirección Xeral de Infraestruturas pode entenderse que afectan de forma importante ao sistema xeral de comunicacións previsto no Plan, e polo tanto sería conveniente a suxección a un novo prazo de exposición pública.

Ante as dificultades que implicaba a aplicación do informe desde o punto de vista xurídico, sostivéronse conversas coa Dirección Xeral de Infraestruturas, nas que se chegou a unha solución de compromiso que permitise evitar a invalidación do trámite de exposición pública e o incumprimento da Resolución da Dirección Xeral de Urbanismo de 8 de maio de 2008 en que establecía de forma concreta as características da variante de Moaña. Con esas conclusións, solicítase ao equipo redactor do PXOM a elaboración dunha separata que recolla as modificacións acordadas, que é entregada ao Concello con data 22 de febreiro de 2011. As modificacións introducidas, de acordo cos informes e consultas previas son as seguintes:

- a) Representación do corredor do Morrazo de acordo co trazado aprobado o 3 de agosto de 2010 (DOG do 30 de agosto).
- b) Incorporación á reserva para o trazado da variante de Moaña da superficie necesaria para a definición das glorietas de enlace coa rede viaria existente.
- c) Incorporación do trazado do vial de enlace entre a glorieta do corredor do Morrazo na Ameixoadá e a PO-551 á altura da Carrasqueira (Tirán).
- d) Supresión do tramo en que se manifestan discrepancias entre a solución deseñada no Plan Director Vigo Íntegra as as actuais propostas da Dirección Xeral de Infraestruturas (desde O Pedroso á PO-313), a expensas da determinación definitiva de dito trazado no novo Plan Director de Estradas.

Dita separata é informada o 23 de febreiro polo Secretario da Corporación e polo Técnico redactor do Plan Xeral. Vista a documentación presentada e os informes emitidos, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Aprobar a “Separata para o cumprimento do Informe da Dirección Xeral de Infraestruturas de data 29 de decembro de 2010” incorporala ao “Reformado para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña-2010”, substituindo os planos que incorpora aos aprobados polo Pleno da Corporación con data 4 de novembro de 2010.
- 2.- Remitir a documentación á Dirección Xeral de Infraestrutura para novo informe.
- 3.- De ser este favorable, remitir a separata e o informe á Secretaría Xeral de Urbanismo para a continuación da tramitación do expediente de aprobación definitiva.”

O Sr. Alcalde advirte que se o Sr. Ferverza toma a palabra e participa no debate, seguindo a mesma actitude que xa adoptou en plenos anteriores sobre o Plan Xeral. aínda que se ausente da votación, se considerará que se abstivo na votación.

O Sr. Ferverza afirma que o PP coñece as leis e sempre as respectou, cousa que o Sr. Millán non fai.

O Sr. Alcalde afirma que o que pode facer o Sr. Ferverza é acudir ao Fiscal.

O Sr. Ferverza di que poden acudir se o Alcalde non permite facer uso do dereito de palabra. O PP coñece a lei e sabe o que fai. Na Comisión de Urbanismo solicitamos o informe do Secretario para saber a súa opinión e entregóusenos un informe non que se dicía que sería necesaria unha nova exposición pública do Plan. Hoxe pola mañá atopámonos con que hai outro informe de data 23 de febreiro, do que ninguén nos informou. Agora pregunto, ¿hai copia asinada deste informe no expediente?.

O Sr. Secretario responde que figura no expediente copia asinada dese informe.

O Sr. Ferverza afirma que o novo informe foi unha sorpresa para eles.

O Sr. Alcalde sinala que o mellor é que o Secretario explique o contido dos dous informes. O Sr. Ferverza pon en cuestión a profesionalidade do Secretario.

O Sr. Ferverza responde que el o ten claro, Millán, en dúbida o pos ti. O Secretario di que hai un informe asinado e amin iso váleme. Creo o que o Secretario di, non intentes confundir. Non poño en dúbida a súa labor.

O Sr. Alcalde pide que deixe falar ao Secretario.

O Sr. Ferverza responde que hai que ter valor para dar ese espectáculo. Queríamos saber se o informe estaba asinado. As presas non son boas. Houbo que facelo apresada e correndo. Nin se convocou á Comisión de Seguimento do Plan Xeral. O que se está a facer non o entendemos. Nós apoiamos o Plan Xeral. O martes había un informe e agora hai outro. Pedimos a documentación por rexistro e non se nos facilita. Dende a última reunión falouse de apoialo entre todos. Pero queremos as cousas se fagan ben, cumprindo a lei. Vemos os informes e, claro, nos preocupan. Dise que por un informe emitido con tanto retraso habería que acudir aos tribunais. En fin. Temos claro o que votamos de menos. Que non se convocase a Comisión de Seguimento.

O Sr. Alcalde afirma que a proposta aclara o contido de ambos informes. Gustaríanos saber do Secretario o momento en que se emitiron os informes e o contido.

O Sr. Secretario afirma que o primeiro informe foi emitido a finais de xaneiro a partires do informe emitido pola Dirección Xeral de Infraestructuras e atendendo ás indicacións de modificación da rede viaria previstas no mesmo. O segundo emítese agora á vista das modificacións finalmente introducidas no documento do Plan Xeral polo equipo redactor na rede viaria, que non coinciden plenamente cas recollidas no informe, así como á vista da xustificación desas modificacións emitidas polo equipo redactor do Plan e recollidas na memoria do documento.

O Sr. Alcalde afirma que o informe da Dirección Xeral de Infraestructuras en todos os seus extremos, sugiría afeccións que tocarían a propiedades que non estaban afectadas anteriormente polo Plan Xeral. Propuña modificar o trazado de circunvalación dende o Carrachal ata San Chilán. O trazado afectaría a propietarios novos. Un número de propietarios moi importante sen coñecemento destes. Neses termos vulneraríanse dereitos dos veciños no caso de que non se sometese o Plan a unha nova exposición pública. Iso foi o que se trasladou á Dirección Xeral de Infraestructuras. E todo iso despois de remitir o informe ano e medio despois de cando se solicitou. Iso tamén se recolle no primeiro informe. Chegouse a un acordo ca Dirección Xeral de Infraestructuras. Da circunvalación se suprimía todo o que supuña innovación. O trazado da vía rápida débúxase nun documento aprobado no 2010 e sometido a exposición pública. Afectaría ao remate da autovía en Domaio. Introduciase un remate na Meixoadá que transcorre por terreo de protección do Corredor, afectando a algunhas propiedades. A circunvalación fariase no seu trazado íntegro. Terán que deseñar a onde se leva o vial. Estamos de acordo en que vaia a San Chilán e entronque no Cruceiro. Será posteriormente a Dirección Xeral de Infraestructuras a que tramite o expediente con exposición pública. En definitiva, o resultado do informe da Dirección Xeral de Infraestructuras supuña cambios importantes afectando a propietarios mentres que a proposta que se trae non implica novas afeccións. Isto explica o contido dos dous informes.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que os tres Concelleiros do PSOE non teñen inconveniente en aprobar este acordo. Dende o 2007, en plena campaña electoral, o Goberno Municipal ven adoptando acordos que supoñen manter o aprobado no 2007 pero cos cambios que outras administracións solicitan. Ante este despropósito de Estradas, o Concello entende que o que procede e o entendemento, e que a discrepancia non serva de excusa para algún. Apoiamos a circunvalación nos termos plantexados. Podemos ser máis ambiciosos, que se complete conectando a circunvalación ca malla da vía rápida.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, sinala que por coherencia persoal vai votar a favor. Ao fio deste último modificado gustárame dicir algo. O que aconteceu neste último episodio co Plan Xeral é algo que, dende o punto de vista legal e técnico, non hai por onde collelo. Dende o punto de vista legal, os informes do Secretario e Asesor Xurídico dino. O informe da Dirección Xeral de Infraestructuras é extemporáneo. Teñen un prazo de un mes para emitir informe. Logo dese prazo non deben ser tidos en conta. O informe chegou ano e medio tarde. Iso é, está fora de lugar e subvirte todo o procedemento introducindo de forma irregular a automática ano e medio despois. No último pleno se fixo unha profunda reflexión sobre que as administracións tiñan que contestar sempre os expedientes. Habería que engadir a coletilla de “en prazo”. Unha segunda consideración legal. O informe da Dirección Xeral de Infraestructuras é contradictorio consigo mesmo. Contradí o informe anterior da Dirección Xeral de Infraestructuras. Infórmase o mesmo documento de dúas maneiras distintas. Dende o punto de vista técnico, é unha auténtica chapuza. O Plan Xeral recolle, entre outras cousas, toda a malla de comunicacións que vertebran o territorio. Que alguén mo explique. Os

sistemas vais teñen catro eixes: a vía rápida, a PO551, a PO313 e a circunvalación. Se iso é así non pode entender que a circunvalación remate nunha veiga do Carrachal. Iso é unha chapuza. Tamén se fala de dar saída á vía rápida en Tirán sen ver o que hai alí, ca pendente que hai. Tendo en conta isto, as administracións deben velar pola legalidade dos seus actos. O que se fixo nesta última fase é un auténtico atropello. Entende que o Grupo de Goberno trate de buscar puntos de acordo. Dende a miña postura o que me pide o corpo é acudir ao Contencioso na defensa dos intereses do Concello.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre aprobación de “separata para o cumprimento do informe da Dirección Xeral de Infraestruturas de data de 29 de decembro de 2010”, aprobaándose por catorce votos a favor, seis do BNG, catro do PP, tres do PSOE, e un de INMO, os Concelleiros do PP, Srs. Ferveza e Rodríguez non se pronuncian (abstencións), cos acordos que a continuación se transcriben literalmente:

1.- Aprobar a “Separata para o cumprimento do Informe da Dirección Xeral de Infraestruturas de data 29 de decembro de 2010” incorporala ao “Reformado para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña-2010”, substituindo os planos que incorpora aos aprobados polo Pleno da Corporación con data 4 de novembro de 2010.

2.- Remitir a documentación á Dirección Xeral de Infraestrutura para novo informe.

3.- De ser este favorable, remitir a separata e o informe á Secretaría Xeral de Urbanismo para a continuación da tramitación do expediente de aprobación definitiva.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DIVERSAS FACTURAS.

O Sr. Alcalde sinala que por esta época sempre ven a pleno un expediente de recoñecemento extraxudicial, logo do peche dos Orzamentos do ano anterior. Se recollen facturas que por diferentes causas non se puideron aprobar antes do 31 de decembro. O importe total ascende a trescentos trinta e cinco mil centro cincuenta e tres euros e ointenta e un céntimos. Facturas sen crédito orzamentario non seu momento, facturas do 2010 que entraron no 2011 o que existe aprobación polo Pleno, facturas que responden a gastos do 2010 e facturas de Fenosa de novembro e decembro do 2010, asistencia a tribunais nos que Secretaría acabou o expediente no 2011 e asistencia e dietas de Concelleiros e membros da Xunta de Goberno do Patronato Beiramar. Hai que levantar os reparos, de non facelo suporía un enriquecemento inxusto do Concello. En segundo lugar, hai que aprobar o expediente según figuran nos anexos e remitir estes acordos á Contabilidade Municipal.

O Sr. Ferveza, Voceiro do PP, sinala que, logo de comprobar as facturas e o informe da Intervención Municipal, de quince páxinas, pódese extraer que as cousas nons e están a facer ben no Departamento de Facenda. Incluso di que aínda quedan facturas pendentes na páxina dez di: *“Como consecuencia do exposto, e co obxecto da proposta de recoñecemento da obriga con cargo ao crédito do orzamento do ano 2011, en cumprimento do disposto no artigo 216.2.a) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emítese informe de reparo pola ausencia, ou falta de acreditación da existencia, de crédito suficiente e adecuado no momento da contratación, pola ausencia de tramitación administrativa na súa contratación, polo fraccionamento non permitido pola Lei de contratos do sector público nos casos indicados, e*

pola imputación ao orzamento de gastos que non deben ser soportados polo Concello de Moaña por tratarse de gastos orixinados por entidades privadas alleas a este concello.” Na páxina 11: “Neste concello non se está a dar cumprimento ao trámite indicado, feito polo que, dende esta Intervención no momento de iniciar a tramitación do expediente de contratación de persoal non se pode expedir o preceptivo documento acreditativo da existencia de crédito suficiente e adecuado, crédito sobre o que posteriormente se autorizaría o gasto... Na composición dalgúns dos tribunais non se dou o debido cumprimento á condición establecida no artigo 34 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, cando di que ningunha persoa integrante dos tribunais terá titulación inferior á esixida para a admisión as probas, e que na súa composición debe atenderse ao artigo 36 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.” Hai expedientes como estes. “Isto motivará con seguridade unha nova insuficiencia de crédito neste exercicio.” Hai facturas do 2008, do 2009 e do 2010. algunha destas empresas pode que xa estea pechada. Retrasos nos pagos que non son normais. (O Concelleiro do PP, Sr. Abal, sae da sala). Na páxina 9 do informe di: “...o seu fraccionamento e tratamento como contrato menor supuxo un incumprimento do disposto no artigo 74.2 da LCSP”, “superaron os límites establecidos para os contratos menores no artigo 122.3 da LCSP,” facturas de alumeado público. Estase a incumplir a lei e aínda hai facturas no caixón. A situación é delicada. ¿Quen a creou?. O goberno do BNG e PSOE. Teño unha factura da oficina de Víctor Pastoriza, unha impresora de catrocentos oitenta euros. En tres meses compráronse catro impresoras. Non digo que non fagan falta, pero os importes son moi diferentes, a da biblioteca valeu sesenta e oito euros. Da biblioteca de Tirán. Coma iso, moitas cousas. O Sr. Pastoriza comprou un pen de trinta e dous megas. Será para baixar películas. Valeu cincuenta e seis euros. Hai que mirar máis polos gastos. O Interventor di que as cousas non se están facendo ben. Estadades a levarnos a un endebedamento terrible. A situación é a que é. Ademais do que se está a pagar en xuros. Pedín un informe ao Interventor, agora di que o ten o Alcalde. Son xuros de cartos dos veciños de Moaña. Non se está a traballar ben, así o pensa o PP e o Departamento de Intervención. Habería que ser máis austeros. Hai que poñerlle gañas para saír desta situación.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, di que un recoñecemento extraxudicial é un procedemento habitual. Os provedores non teñen a culpa destas dilacións. Chama a atención unha factura polo que supón. Unha de Coruñesa de Aforro Enerxético por importe de 11.473,45 euros. Polo que trae detrás. Son facturas de outubro, novembro e decembro do 2008. esta empresa rematou o seu vínculo contractual co Concello en xullo do 2008 se posibilidade de prórroga. A situación que aquí se corrobora é que empregando subterfuxios a empresa segue prestando o servizo sen cobertura contractual. (O Concelleiro do PP, Sr. Trigo, abandona a sala). Se se quere continuar con esta empresa ábrase un novo proceso de contratación, pero que non se manteña de maneira irregular. Regularízese a situación, o Concello non pode manter este tipo de relacións. (O Concelleiro do PP, Sr. Abal, volve á sala).

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, di estar satisfeito de que con catro euros o Concello teña un parque tecnolóxico aceptable. Nada comparable con outras administracións. As máquinas están a disposición dos veciños para calquera tipo de xestión. O custo é razoable. O Sr. Fervenza pensa que o pen solo vale para gardar películas pero taméns erve para facer copias de seguridade.

Rematadas as intervencións, se somete a votación a proposta ditaminada en Comisión informativa sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas, aprobándose os seguintes acordos por nove votos a favor, seis dos Concelleiros do

BNG e tres dos Concelleiros do PSOE e seis abstencións, cinco dos representantes do PP e unha do Concelleiro de INMO:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 22 de febreiro de 2011 por defectos na tramitación administrativa seguida nos expedientes de gasto, toda vez que os servizos foron efectivamente executados e o non recoñecemento das obrigas económicas por parte do Concello implicaría un enriquecemento inxusto do mesmo.

SEGUNDO.- Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas das relacións de facturas e gastos do Concello que figuran nos anexos I (Facturas varias, por importe de 207.174,86 euros), II (Facturas de Telefónica e Fenosa, por importe de 107.693,56 euros), III (Asistencias a tribunais OPE 2007, por importe de 5.887,05 euros), IV (Asistencias de Concelleiros, por importe de 10.582,75 euros), e V (Imputación gastos pendentes de aplicar Tesourería da Seguridade Social en concepto de xuros de demora, por importe de 3.466,01 euros), así como os gastos do Patronato Beiramar que figuran no Anexo VI (Asistencias á Xunta de Goberno do Patronato, por importe de 349,58 euros) imputando o gasto, polos importes recollidos nos anexos, ás partidas referidas nos anexos do orzamento corrente:

ANEXO I - FACTURAS

I A) – Facturas 2008 e 2009 - rexistro de entrada 2009 a 2011				
56	CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO, S.L.	1650 22711	11.473,45	6213
290431	COVSA	1550 61110	8.903,58	6216
291143	COVSA	1550 61110	13.804,00	6217
09-046	MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	1550 61110	19.615,60	6286
9003485	TORCULO ARTES GRAFICAS, S.A.	1710 62900	3.707,04	6299
036/09	XARXANET INFORMATICA Y FORMACION, S.L.....	1710 62900	603,20	6304
021-2009	S.D.C. SAMERTOLAMEU	3410 22609	1.800,00	8372
P08/861	CANAL VOZ, S.L.	4320 22602	250,56	8388
P08/3182	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	4320 22602	208,80	8389
Total I A)			60.366,23	
I B) - Facturas ano 2010 – Rexistro entrada 2010 – gastos 2009				
09-10	RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	2310 22617	299,87	6973
Total I B).....			299,87	
I C) Facturas ano 2010 – rexistro entrada 2010				
Factura	Provedor	Partidas	Importes	
0015/10	FONCAL MORRAZO, S.L.	3210 63200	4.535,60	7018
0025/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 62602	480,37	7063

0030/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	3320 62600	210,00	7068
37/10	DIFUX ARTES GRAFICAS COMUNICACION, S.L.	4320 22602	7.076,00	7182
044/2010	RUA RUA, F. David	1550 62900	3.955,60	7304
100369	DUXON SYSTEM, S.L.	1550 62300	276,87	7499
072/2010	MONTAXES ANTEPAZO, S.L.	3420 62201	4.894,83	7500
147	SETGA, S.L.	1650 60901	1.224,29	7503
0102/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 62602	252,00	7553
185	SETGA, S.L.	1650 60901	1.114,02	7554
286	AUTOMOCION REGUEIRA, S.L.	1340 21400	205,90	7673
052/112/10	IDELNOR PROYECTOS GESTION Y SERVICIOS, S.L.....	1650 60901	2.199,14	7693
2100430	ESYCSA	1320 21300	2.145,49	7697
7574	RECAMBIOS RODEIRA MOTOR, S.L.	1340 21400	14,46	7797
7574	RECAMBIOS RODEIRA MOTOR, S.L.	1320 21400	70,68	7797
0136/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 62602	252,00	7806
2100518	ESYCSA	1320 21300	79,93	7813
2100470	ESYCSA	1320 21300	654,09	7814
2100539	ESYCSA	1320 21300	355,97	7890
09260	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	1550 22103	2.697,47	7906
8145	JUCONS GALAICA, S.L.	1550 20300	312,94	7910
10269	VIROCEM, S.L.	1510 22702	1.251,63	7963
060/125/10	IDELNOR PROYECTOS GESTION Y SERVICIOS, S.L.....	1650 60901	2.199,14	7965
100704	HPC IBERICA, S.A.	1710 62802	1.298,00	7977
100713	HPC IBERICA, S.A.	1710 62802	4.842,72	7978
24-000617	GRUPO JCA HORMIGONES, S.A.	1550 21000	1.662,95	7979
24-000652	GRUPO JCA HORMIGONES, S.A.	1550 21000	1.974,69	7980
24-000765	GRUPO JCA HORMIGONES, S.A.	1550 21000	1.033,99	7981
24-000827	GRUPO JCA HORMIGONES, S.A.	1550 21000	1.377,70	7982
125/2010	MONTAXES ANTEPAZO, S.L.	3250 62300	1.326,79	8002
2010/A/685	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22115	563,64	8007
133/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	110,16	8010
134/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	220,33	8011
7686	RECAMBIOS RODEIRA MOTOR, S.L.	1340 21400	125,49	8012
A496	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	823,99	8015
2100629	ESYCSA	1320 21300	710,36	8021
10254	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	1550 22103	2.200,95	8025
2100607	COVSA	1550 21000	1.455,51	8057
2100488	COVSA	1550 21000	4.195,29	8058
08/10	FERVENZA FARIA, Ignacio	1710 21000	3.154,14	8078
09685	SOCOMOR, S.A.	1550 22115	231,52	8079
133/2010	MONTAXES ANTEPAZO, S.L.	3250 62300	1.546,22	8093
2687	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710 22109	895,55	8095

A 135	CHAPELA FERVENZA, José	1550 21400	333,94	8106
2100666	ESYCSA	1320 21300	513,45	8107
2010/A/768	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22115	372,89	8120
931	MONTES COSTAL, Maria Luz	1550 22110	87,46	8131
145/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08	8143
146/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08	8144
147/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08	8145
149/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08	8146
148/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	330,49	8147
150/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	110,16	8148
A533	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	259,60	8156
2196/10	SANCHILAN, S.L.	1550 21400	303,35	8160
11566	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	1550 22103	2.471,26	8164
1002448	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	1550 22115	454,37	8165
2100745	ESYCSA	1320 21300	508,85	8181
2100751	ESYCSA	1320 21300	654,09	8182
10014	URBASER, S.A.	1630 22707	19.543,56	8188
2101444	COVSA	1550 21000	58,36	8197
27	RODRIGUEZ SANCHEZ, Martín	1550 21000	1.534,00	8198
1044/10	ELECTROMECANICA GONFER, S.L.	1620 21000	749,30	8201
9	FERREIRO GONZALEZ, Francisco	1550 21000	1.439,60	8218
Total I C)			96.153,46	

I D) - Facturas ano 2010 – rexistro entrada 2011

Factura	Provedor	Partidas	Importes	
794821	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	varias	125,08	8236
1614	COMERCIAL OTERO D. MOAÑA, S.L.	3210 21200	198,96	8237
103994	LA SOCIAL, S.L.	9200 22625	801,00	8238
2010/A/834	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22115	198,90	8239
993	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	195,76	8240
994	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	11,95	8241
995	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	20,34	8242
996	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	84,46	8243
997	MONTES COSTAL, Maria Luz	3320 22110	8,71	8244
998	MONTES COSTAL, Maria Luz	2340 22110	138,50	8245
999	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	29,52	8246
1000	MONTES COSTAL, Maria Luz	3370 22110	84,91	8247
1001	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	38,76	8248
1002	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	103,50	8249
1003	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	205,61	8250

1004	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340	22110	79,53	8251
1005	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310	22110	98,27	8252
1006	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420	22110	127,39	8253
1007	MONTES COSTAL, Maria Luz	1550	22110	80,71	8254
1008	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200	22130	77,61	8255
62/10	PRETO DE TI, S.L.	2310	22713	11.187,10	8256
63/10	PRETO DE TI, S.L.	2310	22703	5.168,43	8257
A568	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550	21000	308,51	8263
A569	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550	22300	755,20	8264
1002699	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	1550	22115	156,64	8265
211056	TELGA COMUNICACIONES , S.L.	1320	20800	90,81	8267
7782	RECAMBIOS RODEIRA MOTOR, S.L.	1320	21400	60,55	8268
3039	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710	22109	147,50	8269
8271	FELLOZA, Maria Soledad	3320	22609	130,06	8271
01	PORTELA CALVAR, José	3340	22610	1.572,00	8272
062/2010	ASOCIACION VIADAZAOITO COMUNICACION.....	4320	22602	855,50	8277
650180	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS.....	9200	22201	588,38	8279
650450	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS.....	9200	22221	458,75	8286
13314	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	9200	22103	30,00	8287
13313	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	1550	22103	1.898,97	8288
13315	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	1340	22103	178,94	8289
13316	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN , S.L.	1320	22103	403,40	8290
2561/10	SANCHILAN, S.L.	1550	22103	45,80	8291
544/10	E.BERMUDEZ E HIJOS, S.L.	3410	22609	1.080,00	8292
1001712	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	3420	22199	162,84	8294
6561	FARO DE VIGO, S.A.	9120	22602	284,97	8295
0203/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200	21600	351,87	8308
0237	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	9200	22000	16,79	8327
0235	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	9310	22000	199,42	8328
0234	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	1510	22000	79,06	8329
99-785-10	X QUATRO ESPECTACULOS, S.L.	3410	22609	885,00	8400
	Total I D)			29.805,96	

I E) - Facturas ano 2011 – Rexistro entrada 2011 – gastos 2010

004/2011	RUA RUA, F. David	1510	22114	55,08	8258
003/2011	RUA RUA, F. David	1510	22114	165,25	8259
002/2011	RUA RUA, F. David	1510	22114	110,16	8260
001/2011	RUA RUA, F. David	1510	22114	330,49	8261
22	COMERCIAL OTERO D. MOAÑA, S.L.	4310	21200	124,30	8266
1976240	R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A....	2310	22200	74,15	8276

20/11	E.BERMUDEZ E HIJOS, S.L.	2310 22617	993,60	8293
1	S.D.C. SAMERTOLAMEU	3410 22609	12.000,00	8303
F05001	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3250 22000	453,27	8305
1	PEREZ PEREZ, Andrés	1640 63205	883,23	8319
157	TALLERES VEIGA, S.L.	1320 21400	148,98	8324
FV1/53	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L	3210 63200	2.849,70	8331
FV1/38	JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L	3210 21200	2.271,50	8332
2011/0007	MARIN VIDAL, Cayetano	1320 22199	89,63	8398
Total I E).....			20.549,34	

TOTAL ANEXOS FACTURAS	207.174,86
------------------------------------	-------------------

ANEXO II – FENOSA e TELEFONICA	Partidas	Importes
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. , en concepto de consumos , dependencias, centros culturais, deportivos , e alumeados públicos OUTUBRO 2010	varias	11.563,05
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. , en concepto de consumos , dependencias, centros culturais, deportivos , e alumeados públicos NOVIEMBRE 2010	varias	63.525,93
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. , en concepto de consumos , dependencias, centros culturais, deportivos , e alumeados públicos DICIEMBRE 2010	varias	20.216,20
TELEFONICA DE ESPAÑA – consumo noviembre 2010	varias	3.695,48
TELEFONICA DE ESPAÑA – consumo diciembre 2010	varias	3.631,27
TELEFONICA MOVILES, S.A - consumo noviembre 2010	varias	2.230,67
TELEFONICA MOVILES, S.A - consumo diciembre 2010	varias	2.177,88
	4320	
TELEFONICA MOVILES, S.A - turismo, 09-2008 a 01-2010	22200	653,08
Total anexo II		107.693,56

ANEXO III - ASISTENCIAS A TRIBUNAIS OPE 2007		
SOTO ALONSO, Berta	9200 23320	385,47
PIÑEIRO SARMIENTO, Carlos	9200 23320	1.294,18
CABEIRO DOPICO, Angeles	9200 23320	596,70
CORDEIRO RODRIGUEZ, Olga	9200 23320	318,24
RODRIGUEZ VELOSO, José	9200 23320	865,88
CARNEIRO MINIÑO, Pilar	9200 23320	198,90

	9200	
LORES RIVERA, Patricia	23320	198,90
	9200	
SOLLA RIOBO, José Luis	23320	382,50
	9200	
MARTINEZ SANTOME, José	23320	602,82
	9200	
REY QUINTEIRO, Alejandra	23320	602,82
	9200	
ABAL JUNCAL, Telesforo	23320	220,32
	9200	
PEREZ GARCIA, Carmen	23320	220,32
Total anexo III		5.887,05

ANEXO IV – ASISTENCIAS CONCELLEIROS

Asistencias as sesións organos colexiados municipais
periodo: dende agosto 2010 ata decembro de 2010.

	9120	
ABAL JUNCAL, Javier	23000	588,32
	9120	
ALVES MARTINEZ, Melina	23000	343,74
	9120	
CURRAS VAZQUEZ, A. Nahur	23000	,00
	9120	
CRUZ COUSO, Maria Libertad	23000	1.025,17
	9120	
FERVENZA COSTAS, José	23000	777,27
	9120	
GONZALEZ PEREZ, Arturo	23000	1.307,23
	9120	
GONZALEZ RIOBO, Angel M.	23000	761,85
	9120	
PAREDES DURAN, Rosana	23000	498,53
	9120	
RIOBO MARTINEZ, Diego	23000	1.328,70
	9120	
RIOBO ROUCO, Maria Beatriz	23000	851,64
	9120	
RODAS CHAPELA, Daniel	23000	1.248,28
	9120	
SANTOS LEITES, J. Euloxio	23000	1.049,96
	9120	
TRIGO FERVENZA, Carlos	23000	802,06
Total anexo IV		10.582,75

ANEXO V – IMPUTACION GASTOS PENDENTES DE APLICAR

TESOURERIA DA SEGURIDADE SOCIAL, en concepto de

	2500	
xuros demora	35200	2.892,23
BBVA , en concepto de opción de compra leasing adqui-		
sición maquinaria para O Beque.	3420	
	62300	573,78
Total anexo V		3.466,01

TOTAL RECOÑECEMENTO CONCELLO	334.804,23
---	-------------------

ANEXO VI

PATRONATO MUNICIPAL BEIRAMAR

Asistencias as xuntas de goberno:	
GONZALEZ PEREZ, Arturo	300,00
ABAL JUNCAL, Javier	24,79
SANTOS LEITES, J. Euloxio	24,79
Total Patronato municipal Beiramar	349,58

TOTAL RECOÑECEMENTO EXTAXUDICIAL.....	335.153,81
--	-------------------

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ.

(O Concelleiro do PP, Sr. Abal, volve á sala).

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, Grupo asinante da moción, dirixese ao Sr. Pastoriza: Víctor, non me extranaba o do pen, o raro é que non houbese factura das chaves. Víctor, na Alcaldía non podes entrar. Presentamos esta moción pola gravísima suba da luz, dun 17%, suba que sempre afecta aos mesmos. Cada familia vai pagar sete euros máis ao mes. Para o comercio e a industria, máis, cento vinte euros ao ano. E o Ministro di que solo sube un euro aos mes. Sube a luz, o gas... sube todo. Sacaron a axuda de catrocentos veinteseis euros.

Seguidamente o Sr. Fervenza procede a dar lectura á moción:

“MOCIÓN EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011

Don JOSÉ FERVENZA COSTAS, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Moaña, presenta a seguinte MOCION, coa seguinte;

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero **esmaga aos contribuíntes** con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que governa o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así **dende o ano 2006 o recibo da luz subiu mais dun 40%**, mentres que cando gobernou o Partido Popular **entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%**, moi por riba da media da UE.

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes y Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Moaña a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro: Instar ao Concello de Moaña a manifestar o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

Segundo: Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto perxudica aos intereses de Galicia

Terceiro: Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.”

O Sr. Fervenza engade que traen a moción porque lles preocupa o benestar da xente. Dende que Zapatero é Presidente a luz sube, suprimiron o cheque bebé, machacan a autónomos e empresas. Dúas mil familias quedan sen vivenda cada semana... ZP presume de despilfarro, de Plan E, que suprimiu miles de empregos na construción...

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que o da luz semella o de menos. É difícil de entender a actitude de hai sete anos, cando gobernaba o PP e mantiñan as tarifas sen incremento e cando calquera problema meteorolóxico colapsaba o sistema. As compañías subministradoras foron sumando o que ían perdendo cada ano. O que é verdade que non se entende é o que di a factura. Gardarei esta moción. É unha cuestión boomerang. Din que van

mellorar moitas cousas. Cando veñan os incrementos das taxas de auga sen mellora do servizo xa falaremos.

O Sr. Fervenza di que o Sr. Pastoriza pode gardar a moción no pen.

O Sr. Pastoriza responde que hai moita ignorancia.

O Sr. Fervenza pide que retire iso.

O Sr. Pastoriza responde que non retira nada. Xa a gardarei no pen.

Non se suscitan outras intervencións, polo que o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo PP contra da subida do recibo da luz, aprobándose por seis votos a favor, dos representantes do PP e dez abstencións, seis dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE e unha do representante de INMO.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO Á FLOTA PESQUEIRA GALEGA.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG e Delegado de Medio Ambiente e Mar afirma que a moción é importante en apoio da frota, Galicia ten competencia na pesca en augas interiores. A partires de aí a competencia é do Estado. As cotas se delegan na Comisión Europea. Iso crea problemas sobre todo na pesquería da frota de arrastre e cerco. O ano pasado podíase pescar cen kilos de pescada por embarcación. O Goberno Galego non ten poder de decisión. A xarda, de oitenta mil toneladas o ano pasado pásase a vinte oito mil. Duraranos un mes. O lirio redúcese este ano nun 93% meténdonos no saco do Mar do Norte cunha extracción moito maior. Respecto da frota de arrastre tiñamos cen barcos, o ano pasado perdemos un 10%. Esta actividade xenera mil mariñeiros e sete mil empregos indirectos. As decisións se toman na Comisión Europea sen coñecemento da realidade. Unha Comisión que está presidida por Carmen Fraga.

Seguidamente o Sr. Rodas procede a dar lectura á moción:

“MOCIÓN DE APOIO Á FROTA PESQUEIRA GALEGA DIANTE DA REDUCIÓN DAS COTAS DE CAPTURA

Valentín Piñeiro Gonzalez, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Moaña, presenta a seguinte MOCIÓN par ao seu debate polo Pleno da Corporación Municipal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os ministros de Pesca da Unión Europea adoptaron medidas sobre as condicións de pesca da nosa frota, nunha recente reunión para fixar os topes autorizados de captura e cotas para as diversas especies neste ano de 2011. Estas medidas poden conducir á inviabilidade e ao desmantelamento dunha parte moi importante do sector pesqueiro galego.

Os acordos foron tomados co voto favorábel do Goberno español que contou, en representación de Galiza e outras partes do Estado, coa Comunidade Autónoma de Extremadura. Unha vez máis, Galiza, potencia pesqueira en Europa, sen voz, sen voto nin veto para facer valer os seus intereses nos foros nos que se toman as decisións que nos afectan. E se este ano tocoulle a Extremadura a nosa representación, o ano pasado foi Castilla-León e o anterior Castilla-La Mancha, e sempre con consecuencias devastadoras para Galiza.

As cotas de captura de especies de maior interese para a frota pesqueira galega reciben, sen apoio dun estudo científico ou de razóns explícitas e fundamentadas, uns recortes absolutamente brutais. É o caso do lirio cunha redución do 93% a respecto do ano 2010, con 824 toneladas a repartir entre os 93 buques que compoñen o que queda da frota de arrastre litoral. Non establece diferenzas entre o Norte de Europa e o Sur, esquecendo de xeito intencionado que a inmensa maioría das capturas son realizadas por frota do norte de Europa e destinadas a fariña de peixe.

No caso do Gran Sol, as reducións afectan ao rapante, á cigala e á rabada; e nas nosas augas ao xurelo e á xarda. E, en relación coa pescada, o incremento obtido é insuficiente, tendo en conta tanto a abundancia no noso litoral, a necesidade da nosa frota pesqueira, tanto de baixura como de arrastre litoral, e a vixencia do “Plano de recuperación da pescada”. Con isto vai ser difícil manter a viabilidade deste sector produtivo este ano de non adoptar medidas urxentes en defensa da frota galega. É posíbel que numerosos barcos pesqueiros teñan que amarrar ou optar polo seu despezamento, aparellando a perda de postos de traballo no mar e indirectos en terra, ademais da degradación das condicións de traballo.

Por outra parte, o Goberno galego incumpriu o acordo unánime do Parlamento de Galiza de setembro pasado, a iniciativa do BNG, relativo á posta en marcha de medidas urxentes para garantir a viabilidade da frota pesqueira galega, diante das restricións e prohibicións de capturas impostas pola Unión Europea. E tamén son decepcionantes as avaliacións do Goberno do Estado e o papel xogado polos seus representantes na reunión de ministros de Pesca da Unión Europea.

Resulta difícil comprender tanta capacidade de encaixe de decisións negativas para con Galiza e a asunción de tanta discriminación, procedan de Madrid ou de Bruxelas, que son a mellor proba da inacción que practica sen complexos o actual goberno do Partido Popular.

Por iso, o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a convocatoria urxente dun Consello de Ministros da Unión Europea que posibilite o incremento das cotas de pesca asignadas á frota galega para a captura de lirio, xarda, xurelo e pescada, que permita a actividade extractiva normal até o 31 de decembro deste ano, e a presentación de informes científicos e fundados que avalen calquera decisión que se adopte.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a presenza de Galiza neste proceso negociador.

3.- Instar á Xunta de Galiza que garanta medidas socioeconómicas dirixidas a tripulantes e armadores da frota pesqueira galega para o caso de verse afectada pola restrición de capturas, así como para as actividades directamente vinculadas a estes segmentos de frota.”

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, afirma que o fracaso do Ministerio é total. O BNG ou vai retrasado ou perdido neste asunto. O Parlamento de Galicia xa aprobou unha proposición non de lei pedindo incluso máis. O BNG pretende que a Xunta pague pola mala xestión do Goberno de España. Nós non temos por qué pagar por eses erros. No Parlamento de Galicia o PSOE votou a favor e o BNG abstívose. Isto teno que pagar quen creou o problema, unhas

reducións do 15% de cota. E por outra parte Galicia terá que devolver dous mil cincocentos millóns de euros en cinco anos a Zapatero. E ademais, están os oitocentos millóns de euros que Zapatero debe a Galicia. Rosa Aguilar impediu que houbera representantes da Xunta na Comisión. A situación económica en que Zapatero deixa a Galicia é de dous mil cincocentos millóns de euros a devolver. Votaremos a favor da moción se aproban a nosa enmenda con estes puntos:

1. Mostrar o seu apoio incondicional á flota de arrastre galega, que desenvolve unha actividade económica xeradora de miles de empregos na nosa comunidade, ante a decisión da Comisión Europea de reducir nun 93% a cota de capturas do lirio, xa que esta medida provocará que os buques dos países nórdicos, que pescan cantidades moi superiores, acaparen o mercado de lirio e provoquen o amarre da flota galega a finais do mes de xaneiro.
2. Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a renegociar á alza o TAC do lirio e doutras especies, para adaptala á capacidade extractiva da flota galega e á situación real do stock existente no Cantábrico noroeste e que, despois, se solicite unha excepción para que este aumento se aplique íntegramente nas zonas VIIIc e IXa (Cantábrico e Noroeste de Portugal).
3. Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, como administración competente na xestión desta pesquería e na petición das cotas, para que, de non facerse efectivas as posibilidades expresadas no punto 2, establezca unha liña de axudas a armadores e tripulantes, así como calquera outras medidas complementarias que estime oportunas, destinadas ao mantemento da flota e dos postos de traballo.
4. Dirixirse ao Goberno de España para que impulse un estudo actualizado sobre a situación dos recursos pesqueiros no Cantábrico noroeste a través do Instituto Español de Oceanografía, para coñecer a situación real dos stocks das diferentes especies que conforman os caladoiros e, desta forma, tomar as decisións sobre a distribución das cotas pesqueiras en base a argumentos científicos.
5. Dirixirse á Xunta de Galicia para que continúe co desenvolvemento da mesa de traballo artellada co concurso do sector para a busca de solucións complementarias e positivas que redunden na operatividade e sostibilidade da flota e dos empregos e movementos económicos dela derivados.
6. Dar traslado do presente acordo ao Goberno de España, á Ministra de medio ambiente, Medio Rural e Mariño e á Concellería do Mar da Xunta de Galicia.

Finalmente, o Sr. Fervenza engade que se se apoian estes puntos votarán a favor da moción.

O Sr. Rodas afirma que esa moción votouse neses termos no Parlamento de Galicia. Nós aquí defendemos a cota galega. Defendemos a nosa moción sen que ninguén de fora nos diga o que temos que facer. Creo que nos termos que presenta a moción se defende perfectamente a flota e os intereses galegos.

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo BNG de apoio á frota pesqueira galega diante da redución das cotas de captura, aprobándose por dez votos a favor, seis dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE e un do representante de INMO, e seis abstencións, dos representantes do PP cos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a convocatoria urxente dun Consello de Ministros da Unión Europea que posibilite o incremento das cotas de pesca

asignadas á frota galega para a captura de lirio, xarda, xurelo e pescada, que permita a actividade extractiva normal até o 31 de decembro deste ano, e a presentación de informes científicos e fundados que avalen calquera decisión que se adopte.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a presenza de Galiza neste proceso negociador.

3.- Instar á Xunta de Galiza que garanta medidas socioeconómicas dirixidas a tripulantes e armadores da frota pesqueira galega para o caso de verse afectada pola restrición de capturas, así como para as actividades directamente vinculadas a estes segmentos de frota.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PARQUE DE TIRÁN.

O Sr. González, Concelleiro do PP, Grupo asinante da moción, procede a ler a moción presentada polo seu Grupo:

“MOCION PARA GARANTIR A SEGURIDADE DOS NENOS NO PARQUE INFANTIL DE TIRÁN.

Dende o ano 2006 os veciños de Tirán levan pedindo explicacións por un conflito creado polo BNG e PSOE de Moaña ao considerar que o Concello non defende os intereses dos veciños.

Os veciños tiveron que chegar ao Valedor do Pobo para defender eles mesmos os intereses de un parque infantil que cabe lembrar que é de carácter municipal e debería ser defendido e custodiado en todo momento polo Concello de Moaña.

De Millán non so non reciben explicación a o seu problema senón que reciben a burla convidando a os veciños que ademais de acudir ao Valedor do Pobo que vaian poñer a súa denuncia en Estrasburgo.

Durante anos os veciños comprobaron como o BNG e PSOE non fixeron nada por resolver un de tantos conflitos que eles mesmos crearon, incluso no ano 2007 cando a prensa lle pregunta a Pastoriza polo conflito di que non se quere pronunciar sobre o tema e que vai esperar ata o ano 2008 para que o parque esté adecentado senon que no ano 2008 será o seu departamento quen o faga.

É vergonzoso que uns veciños teñan que chegar ao Xulgado para reclamar o que debería estar reclamando e loitando o Concello quedando en evidencia polo tanto a capacidade de xestións que teñen o Alcalde e o Tenente Alcalde.

Debemos ter moi en conta, que a constitución Española, no seu artigo 39 relativo á familia e a os nenos, sinala no seu apartado 4 que os *nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.*

En abril do 2003 aprobouse o decreto 245 de normas de Seguridade en parques Infantis co obxectivo de regular as normas mínimas de seguridade e prevención de accidentes que deben reunir os parques infantis e áreas de xogos para a infancia, así como os seus elementos e equipamentos de xogo.

O decreto debe ser de aplicación tanto nas instalación de titularidade pública como privada sempre que sexan destinadas a uso público ou comunitarios

O capítulo II do mencionado decreto recolle os requisitos xerais dos parques infantis , donde o apartado 2 di: “ *as superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acotadas de unha forma segura e separadas do tráfico rodado, ben mediante distanciamento mínimo de 30 metros ou ben a través da súa separación mediante medios naturais ou artificiais que protexan a os menores do perigo derivado do seu acceso inmediato á calzada.*”

No caso do PARQUE INFANTIL DE TIRÁN como todos sabemos, non está cerrado todo o seu perímetro nin existe a distancia de 30 metros como marca o Decreto ata o tráfico rodado, polo tanto é obrigatorio que o seu perímetro esté cercado a través de vallas ou outro elemento de seguridade permitido polo real decreto.

Por outra banda, o parque infantil de Tirán foi obxecto no ano 2006 de concesión de unha subvención por valor de 12.000 euros para a colocación de diferentes elementos de xogo (xogo combinado Vivarea, Columpio, Duo Wooby, La casa e mais us cartel tipo HPL)

Todo isto xunto coa man de obra, ascende a 11.999,02 euros, pero o curioso e que no ano 2009 tamén se investiu supostamente no parque infantil de Tirán con fondos do Plan E donde se xustificou a colocación de varios xogos (columpio de dúas prazas, xogo combinado Vivarea, Columpio con cesta e a *retirada de elementos existentes*, así como a colocación e suministro de 168 m2 de losetas de caucho).

Os veciños de Tirán levan dende o ano 2006 pedindo explicación ao Concello e pedindo que se cumpla o Real Decreto e se tomen todas as medidas de seguridade para que os nenos xoguen nun lugar cercado e lexos do tráfico rodado, así como pedindo que se coloquen os xogos que foron prometidos e que foron obxecto de subvencións nun primeiro caso da Xunta de Galicia e anos despois do Plan E.

Os veciños trasladaron as súas queixas ao Partido Popular despois de obter a negativa por parte do Concello de Moaña das súas petición e incluso da negativa de ser atendidos, polo tanto o Partido Popular presenta ao pleno a presente moción para a aprobación dos seguintes:

ACORDOS:

Primeiro: Que o Concello de Moaña, como titular do espacio do parque infantil de Tirán, proceda ao peche da totalidade do seu perímetro para a seguridade dos nenos.

Segundo: Se instalen todos os elementos de xogo que foron obxecto de subvencións tanto da xunta de Galicia como do Plan E, antes das vindeiras eleccións municipais.”

O Alcalde cede a palabra a u veciño que ten solicitada a intervención neste punto da Orde do día, D. Eberto Pena Collazo.

O Sr. Pena sinala que o problema comezou cando se enteraron de que ían dar catro metros cadrados de ancho a un veciño. O Alcalde, Eloxio e Daniel Rodas recibíronnos. Falábase de se era unha obra humanitaria nesa vía. Ao final dise que era unha doazón de parte de un terreo.

Hoxe non hai nada, nin un xogo. Dicían que era unha permuta. Iso non se podía facer e recomendouse que o consultaran cos seus asesores xurídicos. Fomos ao Valedor do Pobo. Teño unhas dez intervencións do Valedor do Pobo pedindo aclaracións. O Alcalde nunca deu unha aclaración convincente. Aínda non se sabe o que pasou no parque. Enterámonos que o parque tivo unha subvención no 2009 por importe de doce mil euros. O parque estaba nunhas condicións perigosísimas. Por iso se pediu a subvención. O Valedor do Pobo preguntou ao Concello sobre a subvención. A Intervención Municipal xustifica que se colocou. O Valedor comunica que non se colocou. O Concello non responde. Así ata catro veces. Logo chegou unha carta no 2010. Mandan unhas fotografías precisas co instalado no Plan E. O PP denunciouno. O Secretario do Concello nos recibiu amablemente. Contestounos que non tiña a información axeitada. Xustificamos que era dominio público ca certificación do Rexistro. Entérome que o Xulgado pide información ao Secretario. Podo aportarlle esa documentación. Por isto déronlle unha paliza a un señor de intenta e dous anos. Alcalde non se ría. Ofrézome para aportarlle a información ao Secretario. O Alcalde defendía que ese veciño tiña unha servidume. Cando se dou un terreo ao Concello ten que ir libre de cargas e servidumes. O Alcalde estívonos mareando ca servidume. Falamos con Víctor Pastoriza. Comprometeuse. Cando foron coloar os equipamentos do Plan E, a tirolina, o veciño non a deixou colocar. Dous policías o retiraron. O colocaron noutr sitio, detrás de unha portería. Hai unha demanda da outra persoa. Demandouse ao Concello por deixación de funcións. Saiu sentenza. Na exposición de feitos da sentenza dise que o parque é de dominio público. Non se pode acceder con automóbiles, o demandado non pode acceder. Mandamos unha petición ao Concello para que pechase o parque, unha petición dirixida ao Sr. Pastoriza e asinada por vinte veciños. Pedimos que polo menos puxese a tirolina. A sorpresa é que contesta o Sr. Alcalde. Se o compromiso o asumiu o Sr. Pastoriza, ¿por qué contesta o Alcalde?. Di que en Tirán se libraron sesenta e cinco mil euros e que non hai máis. Un pouco de seriedade con esta cuestión.

O Sr. González afirma que o Goberno Municipal nin contesta nin fai nada. Solo saben crear problemas. Como xa dixen, se marchasen desaparecerían o 50% dos problemas. Logo se escudan nos funcionarios. Votan a culpa ao Secretario. Sabemos do criterio do Sr. Pastoriza. Non se entera do que pasa na Secretaría. Dixo aos veciños que tiñan razón pero que non podía dicilo para non romper o pacto de goberno. O 9 de agosto de 2006 o Valedor do Pobo responde ás reclamacións dos veciños. Non se da por enterado. O Alcalde dixo entón que os veciños reclamasen en Estrasburgo.

(A continuación o Sr. González expón unha relación de feitos).

Finalmente o Sr. González afirma que o Alcalde estase a meter nun lío tremendo. Segues a aplicar a túa prepotencia habitual. Xa sabemos cómo vai rematar. Pedimos que se peche o parque para que os rapaces teñan unha seguridade.

O Sr. Alcalde afirma que quere realizar dúas puntualizacións. Iso que dixeron o levaron ao Contencioso de Pontevedra. O xuíz desestimou a demanda presentada. A sentenza entendeu que todo o que vostedes afirman non se sostén en pé. Se non están de acordo xa lles dixen que poden pedir execución da sentenza. A sentenza di o que di, que vostedes e o seu avogado non probaron o que dicían. É complicado xustificar ante os veciños que en seis anos estiveron falando de contos. En segundo lugar, o Voceiro do PP, levou o asunto do mobiliario do parque á Fiscalía. Agora está na man dun Maxistrado e será potestade súa resolvelo. **O Concello non** ten ningún problema nese parque. A outra parte implicada no caso levou o asunto ao Xulgado de Cangas, o Concello persoouse e vostede, Sr. Pena, tamén.

(Parte dos veciños asistentes protestan).

O Sr. Alcalde di que os parques son para os nenos non para os políticos. Deixen as pintadas. Que falen os xuíces.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo PP sobre o parque de Tirán, rexeitándose por seis votos a favor, dos representantes do PP e dez votos en contra, seis dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE e un do representante de INMO.

O Sr. Pastoriza pide aclaración de voto. Afirma que a primeira iniciativa que tomou coma Concelleiro foi a instalación de elementos e o peche do parque.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se suscitan intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintedúas horas e dez minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO